



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

## **A CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN NON ESTÁ CUBRINDO AS BAIXAS, E O CURSO VAISE AO GARETE.**

Na Confederación ANPAS GALEGAS estamos tendo nos últimos días unha pingueira constante de novas dende as ANPA asociadas que nos indican que a Xunta non está a cubrir as baixas de profesorado dende que comezou este mes de decembro; esa mesma información está sendo difundida por sindicatos do Ensino, e visualízase claramente se accedemos á páxina web onde figuran as vacantes pendentes nos centros escolares públicos, <https://www.edu.xunta.gal/substitutoslistas/VacantesPendentes.do>, aí pódese ver que as hai sen cubrir dende principios do mes de decembro, mesmo hai algunha anterior a estas datas.

Cando unha docente está de baixa ocorren dúas cousas, en primeiro lugar que a dinámica ordinaria do curso se rompe, e en segundo lugar que esas horas pasan a depender do profesorado de garda que nese momento poida atender ao alumnado, en tanto non se cubre a baixa cunha persoa substituta. A primeira consecuencia é inevitábel, porque o dereito á baixa é obviamente prioritario, pero pode ter un impacto pequeno se hai outra docente substituta que veña inmediatamente a ocupar o posto. A segunda consecuencia é tremenda porque supón na práctica o desperdicio de todas as horas nas que o alumnado non teña docencia, porque a persoa que está de garda as máis das veces non é da mesma especialidade, e en calquera caso non ten a opción de continuidade necesaria, porque as gardas son de hora en hora, non duran máis.

Perder decembro, en todos os niveis do sistema educativo, é lamentábel sempre, e non hai xustificación que valla; pero perder decembro neste ano de despropósitos é gravísimo. Estamos pendentes de que a Consellaría de Educación modifique o calendario escolar para devolverlle ao alumnado as tres semanas que lle roubou coa fantástica e ridícula idea de situar a convocatoria extraordinaria a finais do mes de xuño -sen modificar currículos, nin organizar avaliacións, nin facilitar información-, e agora sabemos que a aquel alumnado que teña a mala sorte de ter profesorado de baixa en decembro, vanlles roubar tamén este mes en conxunto.

Mención á parte merece a especial desatención que novamente sofre o alumando con necesidades específicas de apoio educativo, ese mesmo alumnado que semella que xa non importa en absoluto dende marzo de 2020, e que ve agravada a súa situación dun xeito diferente, nomeadamente en primaria, porque necesitan cubrir de inmediato o referente lles falta, cunha persoa que lles dea seguridade aínda que sexa por 15 días ou un mes, pero non ter un docente de garda cada hora con todo o que iso supón para a súa estabilidade.

E todo isto en contexto de pandemia, corentenas e apartamentos obrigatorios, que tamén lle rouban ese tempo escolar ao alumnado que lle cadre, o que semella ser inevitábel pero non o é, porque a Xunta xa podía, en máis de ano e medio que levamos, ter artellado un procedemento para que non ir ás aulas non sexa sinónimo de desatención, pero aí estamos.

Pero onde non estamos, nin estaremos, é en consentir o que está facendo a consellaría: se unha docente está enferma, e ten que coller unha baixa, hai que substituíla inmediatamente, en calquera momento do ano, sexan cales sexan os días nos que ocorra. O que está facendo a Xunta é sinxelamente ir contra o dereito á educación das nosas fillas e fillos. Privar ao alumnado do profesorado que precisa, deixalo sen atención académica



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)  
[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

**Tel 610 616 968 - 600 699 293**

porque sae máis barato non contratar á xente necesaria, é unha indignidade. Que máis pode facer xa esa consellaría de despropósitos ?

*Fernando Lacaci, presidente, 610 616 968*

*Isabel Calvete, vicepresidenta, 600 699 293*